

---

## A danza contemporánea chega mañá ó Jofre cunha versión do clásico "Giselle"

REDACCIÓN > FERROL

O coreógrafo catalán Cisco Aznar é o responsable desta versión totalmente contemporánea e que rompe cos códigos do ballet clásico. En "Giseliña" a danza mistúrase con linguaxes artísticas como a videocreación, o cine ou as artes plásticas que axudan a entender mellor unha peza chea de fantasía e que introduce ó espectador nun mundo de ensoñación.

Doce bailaríns procedentes de diferentes partes do planeta encárganse de darlle vida á proposta poética e cargada de expresividade creada por Cisco Aznar. Os bailaríns interpretan seres que se moven arredor das grandes paixóns: o amor e a morte, e que introducen a "Giseliña" no ámbito do sobrenatural. Dous destes bailaríns, Álvaro Esteban e Ana Beatriz Pérez achegáronse onte por Ferrol para falar da montaxe. Os dous coincidiron á hora de loubar o traballo de Cisco Aznar e de calificar a "Giseliña" como unha viaxe a través dos soños. "Veo el espectáculo como un cuadro. Cuando empecé a trabajar Cisco me hizo mirar por un agujerito su visión de 'Giselle'. A partir de ahí empezamos a trabajar en su mundo, un mundo completamente emotivo", explica Álvaro Esteban.

O director en xira, Erick Jiménez, e a directora do CCG, Natalia Balseiro, estiveron tamén presentes neste acto. Xunto a eles estivo a concelleira de Cultura do Concello, Mercedes Carbajales, que animou a todos os cidadáns a achegarse polo Jofre para poder ver de preto este espectáculo que, desde que se estreou o 7 de marzo no teatro Rosalía de Castro, xa pasou por distintos escenarios da xeografía española e incluso de fóra, como é o caso de Marrocos. Ademais, neste mes de maio tamén estará en Badalona e Tui.

"Giseliña" representarase mañá, ás 20.30 horas, no Jofre. As entradas están á venda na billeteira do teatro -en horario de 11.00 a 13.00 e de 18.00 a 20.00 horas-, a través da web [www.jofre.es](http://www.jofre.es) ou no teléfono 981 944 244. Custan 15, 12 ou 6 euros en función da súa ubicación no patio de butacas.

[Portada](#) | [Opinión](#) | [Ferrol](#) | [Narón](#) | [Comarcas](#) |  
[Galicia](#) | [Deportes](#) | [España](#) | [Mundo](#) | [Economía](#) |  
[Sociedad](#) | [Comunicación](#) | [Última Página](#) | [El tiempo](#) |  
[Titulares](#) | [Servicios](#) | [Agenda](#) | [Exposiciones](#) |  
[Cartelera](#) | [Correo](#) |